

cacións da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, céntranse en tres aspectos:

1.º A publicidade das operacións de determinación definitiva do número, límites e locais das seccións electorais e das súas mesas.

Trátase de recorrer ás novas tecnoloxías da sociedade da información para levar a cabo esta difusión, facilitándolles aos cidadáns o seu coñecemento.

2.º As especialidades que presenta o voto por correo para determinados colectivos de temporalmente ausentes.

A Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, establece dúas modalidades de exercicio do dereito de sufraxio: presencial e por correo. Os requisitos previstos nesta lei orgánica como son a realización de trámites en territorio español no caso do voto por correo ou a inscrición no Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA) poden non ser os idóneos en relación con algúns dos grupos que integran o colectivo de residentes temporalmente ausentes. Por este motivo encoméndaselle ao Goberno a regulación detallada deste procedemento de voto, logo de informe da Xunta Electoral Central.

3.º O exercicio do dereito de sufraxio por parte das persoas cegas ou con discapacidade visual.

Cómpre para iso arbitrar unha forma de voto que lles permita ás persoas cegas ou con discapacidade visual dispoñer da privacidade necesaria para exercer o seu dereito a voto secreto, sen necesidade de depender de terceiros e en igualdade de condicións co resto dos cidadáns. A regulación detallada dun procedemento para o exercicio do dereito de sufraxio das persoas cegas ou con discapacidade visual débese recoller nunha norma de rango regulamentario, logo de informe da Xunta Electoral Central, evitando así que cada pequena modificación técnica e mellora que se desexe introducir requira a modificación dunha lei orgánica.

Artigo 1.

O artigo 24.4 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 24.

4. Dentro dos dez días anteriores ao da votación a Oficina do Censo Electoral difundirá na internet e exporá ao público nos respectivos concellos a relación definitiva de seccións, mesas e locais electorais.»

Artigo 2.

O artigo 74 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 74.

O Goberno, logo de informe da Xunta Electoral Central, regulará as especialidades respecto do disposto nos dous artigos anteriores para o voto por correo do persoal embarcado en buques da armada, da mariña mercante ou da frota pesqueira, do persoal das forzas armadas españolas e dos corpos e forzas de seguranza do Estado que estean a cumprir misións no exterior, así como para o voto por correo dos cidadáns que se atopen temporalmente no estranxeiro entre a convocatoria dun proceso electoral e a súa realización ».

Artigo 3.

O artigo 87 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 87.

1. Os electores que non saiban ler ou que, por discapacidade, estean impedidos para elixir a papeleta ou colocala dentro do sobre e para entregarlle

ao presidente da mesa, pódense servir para estas operacións dunha persoa da súa confianza.

2. Non obstante, o Goberno, logo de informe da Xunta Electoral Central, regulará un procedemento de votación para as persoas cegas ou con discapacidade visual que lles permita exercer o seu dereito de sufraxio garantindo o segredo do voto.»

Artigo 4.

O número 2 da disposición adicional primeira queda redactado do seguinte xeito:

«2. En aplicación das competencias que a Constitución lle reserva ao Estado, aplícanse tamén ás eleccións a asembleas lexislativas de comunidades autónomas convocadas por estas, os seguintes artigos do título I desta lei orgánica: 1 ao 42; 44; 44 bis; 45; 46.1, 2, 4, 5, 6 e 8; 47.4; 49; 51.2 e 3; 52; 53; 54; 58; 59; 60; 61; 62; 63; 65; 66; 68; 69; 70.1 e 3; 72; 73; 74; 75; 85; 86.1; 87.2; 90; 91; 92; 93; 94; 95.3; 96; 103.2; 108.2 e 8; 109 a 119; 125 a 130; 131.2; 132; 135 a 152.»

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 8 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

17634 LEI ORGÁNICA 10/2007, do 8 de outubro, reguladora da base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN. («BOE» 242, do 9-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

O ácido desoxirribonucleico (ADN), compoñente químico do núcleo celular, converteuse nun instrumento esencial das técnicas que a moderna medicina forense utiliza para a investigación de delitos por parte das autoridades xudiciais e policiais.

Desde que en 1988, no Reino Unido e por primeira vez, a información obtida do ADN fora utilizada para identificar e condenar o culpable dun delito, tanto en España como no resto dos países do noso contorno tomouse conciencia da transcendencia dos marcadores xenéticos nas investigacións criminais, algo que viña sendo máis frecuente noutros ámbitos, como na identificación de cadáveres ou na determinación de relacións de parentesco.

Non obstante, e a pesar desa importancia, o uso dos datos relacionados co ADN, no ámbito da persecución de delitos, conta hoxe con numerosas dificultades, especialmente no relativo á súa obtención e rexistro cara ao seu emprego no curso de posteriores investigacións. Iso vén dado tanto polo carácter sensible que eses datos teñen e o importante grao de protección con que, naturalmente, deben contar, como pola inexistencia dun marco xurídico que regule axeitadamente o seu emprego.

No ano 2003, e mediante o disposto na disposición derradeira primeira da Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, de modificación do Código penal, reformouse a Lei de axuízamento criminal co fin de lles proporcionar cobertura xurídica, da cal carecían ata daquela, a determinadas prácticas de investigación.

A nova redacción dada aos artigos 326 e 363 da Lei de axuízamento criminal consistiu, esencialmente, en regular a posibilidade de obter o ADN a partir de mostras biolóxicas provenientes de probas achadas no lugar do delito ou extraídas de sospeitosos, de maneira que os devanditos perfís de ADN poidan ser incorporados a unha base de datos para o seu emprego nesa concreta investigación.

Non obstante, a reforma non previu outros aspectos importantes, como a posibilidade de crear unha base de datos en que, de xeito centralizado e integral, se almacenasen o conxunto dos perfís de ADN obtidos, co fin de que puidesen ser utilizados, posteriormente, en investigacións distintas ou futuras, mesmo sen o consentimento expreso do titular dos datos.

Estas carencias, unidas a outros factores de natureza diversa, poñen de manifesto a insuficiencia da regulación vixente para satisfacer tanto as posibilidades técnicas e as demandas cidadás como os compromisos internacionais progresivamente adquiridos polo noso país en materia de intercambio de perfís de ADN para as investigacións de determinados delitos.

Por un lado, resulta indubidable que os avances técnicos permiten hoxe que a obtención de datos exclusivamente identificativos a partir dunha mostra de ADN se poida realizar de maneira rápida, económica e escasamente limitadora dos dereitos cidadáns. Por outro, a sociedade vén exixindo que as autoridades, xudiciais e policiais, encargadas da persecución dos delitos, conten cos instrumentos de investigación máis eficientes posibles, especialmente na loita contra aqueles crimes que xeran maior alarma social. Finalmente, non se pode esquecer que a crecente globalización dos delitos e a paralela asunción por parte de España dunha serie de obrigas recíprocas con outros países para compartir a información dispoñible nos respectivos ficheiros e bases de datos exixen a adopción das medidas materiais e xurídicas axeitadas.

Respecto deste último aspecto, cabe sinalar que a adopción desas medidas xurídicas, así como a creación de bases de datos que permitan intercambiar a información entre os Estados membros, foi reiteradamente exposta desde as institucións comunitarias a través das correspondentes resolucións do Consello relativas ao intercambio de resultados de análise de ADN, do 9 de xuño de 1997 e do 25 de xullo de 2001, respectivamente. No mesmo sentido veuse pronunciando o Consello de Europa a partir da Recomendación (92) 1, do 10 de febreiro de 1992, do seu Comité de Ministros, sobre a utilización dos resultados de análise de ADN no marco do sistema de xustiza penal.

Finalmente, débese recalcar que na redacción desta lei, como non podería ser doutro xeito, se tiveron en conta os criterios que, sobre a protección dos dereitos fundamentais na obtención de probas a partir dos perfís de ADN, conformou o Tribunal Constitucional en diversas sentenzas como a 207/1996, do 16 de decembro.

II

O articulado desta lei comeza determinando o que constitúe o seu obxectivo fundamental, que non é outro que a creación dunha base de datos en que, de maneira única, se integren os ficheiros das forzas e corpos de seguranza do Estado en que se almacenan os datos identificativos obtidos a partir das análises de ADN que se realizan no marco dunha investigación criminal, ou nos procedementos de identificación de cadáveres ou de indagación de persoas desaparecidas.

En relación coa súa integración orgánica, a base de datos policiais sobre identificadores obtidos a partir do ADN dependerá do Ministerio do Interior a través da Secretaría de Estado de Seguranza.

A continuación, a lei incorpora unha importante novidade, xa que posibilita que para determinados delitos de especial gravidade e repercusión social -así como no caso dos patróns identificativos obtidos nos procedementos de identificación de restos de cadáveres ou de persoas desaparecidas, ou cando o titular dos datos prestase o seu consentimento para a inscrición-, os resultados obtidos a partir da análise das mostras biolóxicas do sospeitoso, detido ou imputado, sexan inscritos e conservados na base de datos policial, co fin de que poidan ser utilizados nesa concreta investigación, ou noutras que se sigan pola comisión dalgún dos delitos para os cales a propia lei habilita a inscrición dos perfís de ADN na base de datos.

Esta regulación contén unha salvagarda moi especial, que resulta fundamental para eliminar toda vulneración do dereito á intimidade, posto que só poderán ser inscritos aqueles perfís de ADN que sexan reveladores, exclusivamente, da identidade do suxeito -a mesma que ofrece unha pegada dactilar- e do sexo, pero, en ningún caso, os de natureza codificante que permitan revelar calquera outro dato ou característica xenética.

Outra importante garantía técnica deriva da exixencia que a lei establece en relación coa acreditación obrigatoria con que deberán contar os laboratorios que vaian realizar as correspondentes análises biolóxicas; será competente para conceder a devandita acreditación, de acordo coa disposición adicional terceira da Lei de axuízamento criminal, a Comisión nacional para o uso forense do ADN.

En relación co período da conservación dos perfís identificativos na base de datos, a lei fixa uns períodos de cancelación cuxa duración dependerá do tipo do delito e da resolución xudicial con que finalice o procedemento penal.

Co fin de alcanzar o obxectivo de que a base de datos creada sexa o máis completa e eficaz posible, dispónse non só que o Ministerio do Interior adopte as medidas oportunas para que os diferentes ficheiros e bases de datos de ADN que, no ámbito das forzas e corpos de seguranza do Estado existisen no momento da súa entrada en vigor, pasen a se integrar na base de datos que a presente lei crea, senón que tamén poidan, eventualmente, integrarse nun futuro, e mediante a subscripción do correspondente convenio, outros ficheiros, rexistros ou bases de datos identificativos obtidos a partir do ADN, que non dependan das forzas e corpos de seguranza do Estado.

Por último, o texto inscríbese no marco da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cal, pola súa propia natureza de regulación xeral na materia, resulta de aplicación directa, sendo os preceptos desta lei especialidades permitidas pola citada lei orgánica, que encontrarían a súa xustificación nas peculiaridades da base de datos que regula.

Artigo 1. *Creación.*

Créase a base de datos policial de identificadores obtidos a partir do ADN, que integrará os ficheiros desta natureza de titularidade das forzas e corpos de seguranza do Estado tanto para a investigación e indagación de delitos, como para os procedementos de identificación de restos de cadáveres ou de indagación de persoas desaparecidas.

Artigo 2. *Dependencia orgánica.*

A base de datos policial de identificadores obtidos a partir do ADN dependerá do Ministerio do Interior, a través da Secretaría de Estado de Seguranza.

Artigo 3. *Tipos de identificadores obtidos a partir do ADN incluídos na base de datos policial.*

1. Inscibiranse na base de datos policial de identificadores obtidos a partir do ADN os seguintes datos:

a) Os datos identificativos extraídos a partir do ADN de mostras ou fluídos que, no marco dunha investigación criminal, fosen achados ou obtidos a partir da análise das mostras biolóxicas do sospeitoso, detido ou imputado, cando se trate de delitos graves e, en todo caso, os que afecten a vida, a liberdade, a indemnidade ou a liberdade sexual, a integridade das persoas, o patrimonio sempre que fosen realizados con forza nas cousas, ou violencia ou intimidación nas persoas, así como nos casos da delincuencia organizada, debéndose entender incluída, en todo caso, no termo delincuencia organizada a recollida no artigo 282 bis, número 4 da Lei de axuízamento criminal en relación cos delitos enumerados.

b) Os patróns identificativos obtidos nos procedementos de identificación de restos de cadáveres ou de indagación de persoas desaparecidas.

A inscrición na base de datos policial dos identificadores obtidos a partir do ADN a que se refire este punto non precisará o consentimento do afectado, o cal será informado por escrito de todos os dereitos que o asisten respecto á inclusión na devandita base e quedará constancia diso no procedemento.

2. Igualmente, poderanse inscribir os datos identificativos obtidos a partir do ADN cando o afectado prestase expresamente o seu consentimento.

Artigo 4. *Tipos de datos.*

Só se poderán inscribir na base de datos policial regulada nesta lei os identificadores obtidos a partir do ADN, no marco dunha investigación criminal, que proporcionen, exclusivamente, información xenética reveladora da identidade da persoa e do seu sexo.

Artigo 5. *Laboratorios acreditados.*

1. As mostras ou vestixios tomados respecto dos cales se deban realizar análises biolóxicas remitíranse aos laboratorios debidamente acreditados. Corresponderalle á autoridade xudicial pronunciarse sobre a ulterior conservación das devanditas mostras ou vestixios.

2. Só poderán realizar análises do ADN para identificación xenética nos casos considerados nesta lei os laboratorios acreditados para tal fin pola Comisión nacional para o uso forense do ADN que superen os controis periódicos de calidade a que se deban someter.

Artigo 6. *Remisión dos datos.*

A remisión dos datos identificativos obtidos a partir do ADN, para a súa inscrición na base de datos policial nos supostos establecidos no artigo 3 desta lei, efectua-

raa a Policía Xudicial, adoptándose para iso todas as garantías legais que aseguren o seu traslado, conservación e custodia.

Artigo 7. *Uso e cesión dos datos contidos na base de datos.*

1. Os datos contidos na base de datos obxecto desta lei só os poderán utilizar as unidades de policía xudicial das forzas e corpos de seguranza do Estado, entendendo por tales as unidades respectivas da Policía e da Garda Civil no exercicio das funcións previstas no artigo 547 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, así como as autoridades xudiciais e fiscais, na investigación dos delitos enumerados na letra a) do número primeiro do artigo 3 desta lei.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, cando o tratamento se realizase para a identificación de cadáveres ou a indagación de persoas desaparecidas, os datos incluídos na base de datos obxecto desta lei só poderán ser utilizados na investigación para a cal foron obtidos.

3. Poderánselles ceder os datos contidos na base de datos:

a) Ás autoridades xudiciais, fiscais ou policiais de países terceiros de acordo co previsto nos convenios internacionais ratificados por España e que estean vixentes.

b) Ás policías autonómicas con competencia estatutaria para a protección de persoas e bens e para o mantemento da seguranza pública, que unicamente poderán utilizar os datos para a investigación dos delitos enumerados na letra a) do número 1 do artigo 3 desta lei ou, se é o caso, para a identificación de cadáveres ou indagación de persoas desaparecidas.

c) Ao Centro Nacional de Intelixencia, que poderá utilizar os datos para o cumprimento das súas funcións relativas á prevención de tales delitos, na forma prevista na Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia.

Artigo 8. *Nivel de seguranza aplicable.*

Todos os ficheiros que integran a base de datos obxecto desta lei están sometidos ao nivel de seguranza alto, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Artigo 9. *Cancelación, rectificación e acceso aos datos.*

1. A conservación dos identificadores obtidos a partir do ADN na base de datos obxecto desta lei non superará:

O tempo sinalado na lei para a prescrición do delito.

O tempo sinalado na lei para a cancelación de antecedentes penais, se se ditase sentenza condenatoria firme, ou absolutoria pola concorrencia de causas eximentes por falta de imputabilidade ou culpabilidade, salvo resolución xudicial en contrario.

En todo caso procederase á súa cancelación cando se ditase auto de sobresemento libre ou sentenza absolutoria por causas distintas das mencionadas na epígrafe anterior, unha vez que sexan firmes as devanditas resolucións. No caso de sospeitosos non imputados, a cancelación dos identificadores inscritos producirase transcorrido o tempo sinalado na lei para a prescrición do delito.

Nos supostos en que na base de datos existisen diversas inscricións dunha mesma persoa, correspondentes a diversos delitos, os datos e patróns identificativos inscritos manteranse ata que finalice o prazo de cancelación máis amplo.

2. Os datos pertencentes a persoas falecidas cancelaranse unha vez que o encargado da base de datos teña

coñecemento do falecemento. Nos supostos considerados no artigo 3.1 b), os datos inscritos non se cancelarán mentres sexan necesarios para a finalización dos correspondentes procedementos.

3. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación en relación coa base de datos policial de identificadores obtidos a partir do ADN poderase efectuar nos termos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Os identificadores obtidos a partir do ADN respecto dos cales se descoñeza a identidade da persoa a que corresponden, permanecerán inscritos en canto se manteña o devandito anonimato. Unha vez identificados, aplicarase o disposto neste artigo para os efectos da súa cancelación.

Disposición adicional primeira. Integración de ficheiros e bases de datos.

1. O Ministerio do Interior adoptará as medidas oportunas para que os diferentes ficheiros e bases de datos de identificadores obtidos a partir do ADN que, no ámbito das forzas e corpos de seguranza do Estado existisen no momento da entrada en vigor desta lei, pasen a se integrar na base de datos policial creada por esta.

2. Igualmente, e mediante a subscripción do oportuno convenio, será posible a integración na nova base de datos dos datos procedentes doutros ficheiros, rexistros ou bases de datos de identificadores obtidos a partir do ADN, distintos aos descritos no artigo 1 desta lei, sempre que estes fosen creados coas únicas finalidades de investigación e indagación dos delitos a que se refire o artigo 3.1.a) desta lei, identificación de cadáveres ou indagación de persoas desaparecidas.

Disposición adicional segunda. Réxime xurídico.

Esta lei inscribese no marco do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cal, pola súa propia natureza, resulta de aplicación directa, sendo os preceptos desta lei especificidades habilitadas pola citada lei orgánica en función da natureza da base de datos que se regula.

Disposición adicional terceira. Obtención de mostras biolóxicas.

Para a investigación dos delitos enumerados na letra a) do número 1 do artigo 3, a Policía Xudicial procederá á toma de mostras e fluídos do sospeitoso, detido ou imputado, así como do lugar do delito. A toma de mostras que requira inspeccións, recoñecementos ou intervencións corporais, sen consentimento do afectado, requirirá en todo caso autorización xudicial mediante auto motivado, de acordo co establecido na Lei de axuízamento criminal.

Disposición adicional cuarta. Laboratorios do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Para os efectos do disposto no artigo 5 desta lei, os laboratorios do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses poderán realizar as correspondentes análises do ADN para identificación xenética, de acordo coas funcións que lle atribúe a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición transitoria única. Laboratorios non acreditados.

Os laboratorios das forzas e corpos de seguranza do Estado que no momento da entrada en vigor desta lei non estivesen debidamente acreditados na forma prevista no

artigo 5 disporán do prazo dun ano para facelo, contado desde a dita data.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta lei dítase ao abeiro das regras 1.^a, 6.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Preceptos con carácter de lei ordinaria.

Teñen o carácter de lei ordinaria os artigos 2, número 2 do artigo 5, artigos 7, 8 e 9, e a disposición adicional primeira, disposición adicional segunda, disposición adicional cuarta, disposición transitoria única, disposición derradeira primeira e disposición derradeira terceira.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa.

1. Autorízase o Goberno a ditar as normas que procedan para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

2. Especificamente, habilitase o Goberno para determinar o responsable do ficheiro e da súa xestión, para os efectos previstos na Lei 15/1999, do 13 de decembro.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 8 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

17635 LEI 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal. («BOE» 242, do 9-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, aprobada con fundamento na competencia exclusiva que o artigo 149.1.21.^a da Constitución lle recoñece ao Estado en materia de correos, establece unha regulación en que se determina o réxime a que se debe suxeitar a prestación do servizo postal universal, o dereito ás comunicacións postais de todos os cidadáns e empresas, e o recoñecemento da liberalización dun importante ámbito do sector postal, fixando as regras básicas que permitan a libre concorrència.